



## **PROXECTO LECTOR DO CENTRO**

### **1.- PUNTO DE PARTIDA:**

#### **1.1.- Datos xerais do centro:**

O centro está ubicado no concello de Touro, municipio situado no centro de Galicia, e no Sur da provincia da Coruña, da que administrativamente forma parte. Limita polo Norte co Concello de O Pino, polo Oeste co de Arzúa, polo Sur co da Vila de Cruces

Segundo o censo do Concello o nivel de estudos dos seus habitantes e o seguinte:

- a) NIN LE NIN ESCRIBE: 1,12%**
- b) NON CONSTA TÍTULO ESCOLAR: 9,83%**
- c) TITULACIÓN INFERIOR A E.S.O.: 59,04%**
- d) GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE: 20,08%**
- e) B.U.P. F.P2 OU SUPERIOR: 8,55%**
- f) ESTUDOS UNIVERSITARIOS: 1,44%**

O C.P.I. "FONTE-DÍAZ" está emprazado na parroquia de San Xoán, no Concello de Touro, e ten tres unidades de Educación Infantil, dez de Primaria e oito de Secundaria.

Consta de 26 aulas, 5 titorías, 4 seminarios, sala de usos múltiples, **BIBLIOTECA**, comedor alumnos, comedor profesores, cociña, despensa, dirección, secretaria, departamento de orientación, sala de alumnos, sala A.P.A., sala de seguridade,

reprografía, almacén material, aula de tecnoloxía, informática, laboratorio e plástica, ximnasio, pavillón municipal, tres patios cubertos, dúas pistas polideportivas, pista de carreiras, foxo de saltos e parque infantil.

Os recursos con que contamos proceden na súa maior parte da Consellería de Educación. O Concello e a A.P.A. colaboran tamén na medida das súas posibilidades.

Temos arredor de 340 alumnos que proceden do Concello de Touro máis a parroquia do Cebreiro no Concello de O Pino. A maioría das familias son labradores aínda que tamén hai serradoiros de madeira, queixerías, taller mecánico, cooperativas de roupa, granxas, comercios, bares, carpinterías de madeira e aluminios, cerralleiros etc.

Case tódolos alumnos teñen coma lingua nai o galego.

#### 1.2.- Datos enquisa lectura:

Realizada unha enquisa entre diferentes grupos de alumnos/as de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, vemos que a medida que aumenta a idade diminúe o seu interese pola lectura, feito xa comprobado pola nosa experiencia cos prestamos da biblioteca do centro.

Entre os alumnos de primaria vemos que entre as súas preferencias para o seu tempo de ocio destacan a de ver a televisión e facer deporte, quedando a lectura nun terceiro lugar, indicando que lles gusta ler moito ou bastante un 60% deles, mentres que os da E.S.O. teñen como prioridade para o seu lecer os videoxogos e navegar por internet, desprazando a lectura a un quinto posto de seis posibles, sendo unicamente un 30% os que manifestan gustarlles a lectura.

Estes resultados poden estar relacionados coa afición dos pais á lectura, xa que a maioría dos nenos de primaria afirman que ós seus pais lles gusta moito ler, baixando á metade os alumnos de secundaria que pensan isto mesmo.

O temas máis solicitados de lectura polos rapaces de primaria son os libros de aventuras, animais – historias e misterio, sendo as revistas o que menos lles chama a atención. As obras preferidas neste nivel son “Manolito catro ollos”, “Harry Potter”, “Un amigo en la selva”, “La isla del tesoro” e as “Cronicas de Narnja” entre outros. Na educación secundaria os gustos son moi semellantes, aínda que aparecen os libros de misterio e terror como uns dos favoritos, desprazando ós libros de animais –historias, tendo como títulos preferidos “El niño con el pijama de rayas” e as “Cronicas de Narnja”, destacando que moitos alumnos non citan ningún libro favorito.

Chama positivamente a atención, que practicamente o 100% do alumnado do colexio visitou nalgunha ocasión a biblioteca do centro, e na maioría de casos con moita asiduidade, mentres que a biblioteca do concello xa pasamos a ter unha diferenza notable entre a primaria e a secundaria, sendo no primeiro a maioría socios dela, mentres que a maioría dos rapaces maiores nin sequera a teñen visitado.

### 1.3.- Estado da biblioteca do centro.







A nosa biblioteca sufriu unha gran renovación dende fai catro anos. O motor de este cambio foi a realización por parte da bibliotecaria do curso de “BIBLIOTECAS ESCOLARES”.

A partires de esta data renovouse o proceso de préstamo e catalogación, baseado no C.D.U., e mediante un programa informático de creación propia logramos ter unha base de datos dos fondos bibliográficos do noso centro, cumprindo as nosas necesidades primarias, realizamos unha expurgación que nos permitiu actualizar nunha

primeira criba os libros máis axeitados para as necesidades dos nosos [alumn@s](#) e profesores.

A aplicación informática empregada, foi creada por colaboradores do noso Centro, segundo as necesidades relatadas pola bibliotecaria para poder levar a cabo a súa tarefa de catalogación e préstamo dun modo máis axeitado, rápido e seguro. Tivemos que recorrer a unha aplicación basada nun programa de bases de datos, ao non existir un convenio entre a Consellería de Educación e o M. E. C., para poder implantar o programa “ABIES”.

O programa informático está realizado en “Acces 2000”, e permite levar a cabo as seguintes funcións:

-  Rexistro e búsqueda de usuarios.
-  Seguimento e automatización do préstamo de libros.
-  Actualización e catalogación do fondo bibliográfico.
-  Consulta de títulos do citado fondo.
-  Consulta dos préstamos levados a cabo a través da aplicación.
-  Xestión e seguimento da evolución das lecturas dos alumnos.

Tódolos libros da nosa biblioteca que poden ser prestados, teñen como indicativo unha “P” no “tejuelo”, mentres que os que só se poden consultar nas propias instalacións son identificados cunha “C”.

Poderán levar libros prestados tódolos alumnos e persoal do centro, así coma outras persoas, pais, ex alumnos, etc., relacionados ca comunidade educativa.

Os préstamos levaranse a cabo por un período máximo de 15 días, sendo este prorrogable. O horario para realízalos, é de 11:25 a 11:45, coincidindo co recreo dos [alumn@s](#).

A identificación dos usuarios, faise cun número único para cada [alumn@s](#), facendo coincidir este co do seu expediente académico.

Os rapaces poderán levar como máximo un libro en galego e outro en castelán, podendo variarse esta norma en casos excepcionais.

O centro tenta realizar as máximas aportacións económicas cada ano, na renovación e adquisición de novos títulos, como pode verse nos gastos realizados nos dous últimos anos. Estes gastos contan coa axuda da Asociación de Pais de [alumn@s](#) do colexio.

O orzamento anual é de 2.000 euros, cifra que intentamos incrementar tódolos anos, solicitando as distintas axudas e subvencións que surxen nos distintos organismos.

Durante o período lectivo, cada curso ten reservado dúas horas de clase á semana para acudir á biblioteca. A biblioteca permanece aberta nos recreos (11:25 a 11:45) para préstamos, sendo atendida pola mestra do equipo de apoio Dona María Consolación Bouzas Collazo. De 13:45 a 14:25 membros do equipo de apoio á biblioteca, fan gardas de luns a xoves, e os venres de 13:45 a 15:15.

Tamén poderá utilizarse a biblioteca fora de estes horarios, previa solicitude ó equipo directivo ou á bibliotecaria do centro.

A última novidade levada a cabo no presente curso e como medida de potenciación e fomento da lectura entre a comunidade escolar foi a creación dun club de lectura entre [alumn@s](#), profesores, pais e demais membros da comunidade educativa que así o desexan.

## **2.- FUNDAMENTOS:**

O plan anual de lectura e o proxecto lector do centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadans activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos, literarios, expositivos, xornalísticos, publicitario, gráficos, en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ó obxectivo de cada ocasión.

O profesorado de todas as áreas e materias de todos os niveis educativos, incluíra na súa programación as actividades previstas determinando a dedicación real da lectura un tempo mínimo diario, e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e a escritura.

Cando se le de forma competente, a lectura convírtese nunha ferramenta fundamental para o desenrolo da personalidade, o espírito crítico e socialización. A lectura é un instrumento básico que permite continuar a aprendizaxe durante toda a vida.

Por outra banda a necesidade de ler, e de ler ben, queremos sumar o desexo e o pracer de ler, dado que son os lectores que len por pracer os que mellor len.

Polo tanto este plan recolle accións tanto para o desenvolvemento da competencia lectora como para o despertar e o afianzamento da afición lectora.

### **3.- OBXECTIVOS XERAIS.**

#### **3.1.- De aula.**

##### **3.1.1.- Educación Primaria.**

###### **3.1.1.1.- Primeiro ciclo de primaria:**

- Ler en voz alta con boa entonación.
- Entender o que se le e o relaciona cas súas experiencias persoais
- Ler en silencio a unha velocidade axeitada.
- Saber recoñecer o máis importante da lectura.
- Desfrutar cos libros.

###### **3.1.1.2.- Segundo ciclo de primaria:**

- Ler en voz alta con boa entoación.
- Ler respectando as pausas e a entoación.
- Saber relacionar o que le cos temas que coñece.
- Desfrutar lendo.

###### **3.1.1.3.- Terceiro ciclo:**

- Le oracións completas respectando as pausas.
- Relaciona o que le co que coñece.
- Recoñece as ideas principais do texto e as diferencia das secundarias.
- Expresa ideas persoais sobre o que le.
- Interésase sobre a biblioteca escolar.

##### **3.1.2.- Educación Secundaria.**

- Utiliza as pausas e as entoacións para transmitir emocións.

- Sabe recoñecer as ideas fundamentais do texto e utilízalas para facer resumos e esquemas.
- Identifica diferentes tipos de escritos e coñece as súas características.
- Identifica distintos tipos de texto e coñece as súas características.
- Capta as mensaxes do texto.
- Interésase polas diferentes obras de literatura, coñecendo os diferentes clásicos da mesma.
- Valora a biblioteca como forma de achegamento ó coñecemento.

### 3.2.- Da biblioteca.

- Organizar a biblioteca e adecuar o seu contido ás necesidades do centro, convertíndoa nun centro de recursos para a aprendizaxe.
- Formar os alumnos como usuarios activos da biblioteca, que coñezan o seu funcionamento e fagan uso dos seus servizos.
- Valorar a biblioteca como centro de investigación e lugar de encontro e intercambio de opinións e experiencias.
- Dinamizar a biblioteca, atraendo a alumnos e familias a ela a través de exposicións e outras actividades de fomento da lectura.

### 3.3.- Do centro:

- Dedicar o tempo e actividades concretas e específicas centradas na lectura de forma global, como forma de promover o hábito lector.
- Dar prioridade ó desenvolvemento da competencia lectora e ó desenvolvemento do hábito lector nos alumnos.



- Crear un clima lector en todo o centro, fomentando o desenvolvemento de actividades de fomento da lectura como primeiro paso para crear lectores autónomos que disfruten coa lectura e encontren nela unha forma de enriquecemento persoal.
- Despertar o compromiso social e cidadán a través da experiencia lectora, unha das mellores formas de fomentar a empatía e o espírito crítico.

#### 3.4.- Cas familias:

- Orientar ás familias para axudarlles a crear hábito lector no ámbito familiar, un ámbito privilexiado onde o afecto e a ausencia de necesarias avaliacións facilitan a asociación de lectura e pracer.
- Descubrir ás familias a lectura como momento de encontro entre os membros da familia, fomentando a comunicación de ideas.
- Convertir o centro escolar en foco de cultura que irradie o seu proxecto en toda a comunidade.

#### **4.- ACTIVIDADES DO PLAN.**

ACTIVIDADE	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
Lectura colectiva	TITORES AULAS	DIARIO
Lecturas comprensivas de diferentes obras.	TITORES AULAS OU PROF. LINGUAS	DOUS OU TRES Ó TRIMESTRE
Elección da mascota da biblioteca	EQ. BIBLIOTECA	CURSO
Charlas e coloquios con diferentes escritores.	BIBLIOTECARIA	CURSO
Elaboración dunha lista de compra para o fondo da biblioteca polos alumnos do colexio.	EQ. BIBLIOTECA	CURSO
Deseñar trípticos informativos para difundir as actividades da biblioteca.	EQ. BIBLIOTECA	CURSO
Formación de usuarios: (recoñecemento de espazos e uso dos recursos da biblioteca).	BIBLIOTECARIA	CURSO
Semana do conto de medo (SANAÍN)	EQ. BIBLIOTECA	1º TRIMESTRE
Semana especial día do libro, (ENTREGA DE PREMIOS ÓS MELLORES LECTORES)	EQ. BIBLIOTECA	3º TRIMESTRE
Semana das Letras Galegas	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	3º TRIMESTRE
Elaboración trimestral de guías de lectura adaptadas por ciclos	EQ. BIBLIOTECA	TRIMESTRAL
Club de lectura	PROFESORES LINGUAS	SEMANAL
Elaboración do conto viaxeiro	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	ANUAL

## **5.- RECURSOS DEL PLAN.**

O equipo de traballo da biblioteca do centro está formado por:

1. Bibliotecario/a.
2. Xefe de estudos de secundaria.
3. Xefe de estudos de primaria.
4. Director/a.
5. Mestre de educación infantil.
6. Mestre de educación primaria.
7. Profesor/a departamento lingua castelán e literatura.
8. Profesor/a departamento lingua galega.
9. Profesor/a departamento lingua estranxeira.
10. Profesor/a área científica.

Como recursos máis destacados das nosas bibliotecas, cabe salientar un fondo bibliográfico de case dez mil exemplares, tendo realizado un expurgo nos últimos tres anos, a incorporación de subscricións a prensa diaria, tanto de información xeral como deportiva, revistas de actualidade axeitadas ós intereses dos nosos alumnos. Temos tres ordenadores con conexión a internet, pendentes de conseguir unha ampliación para o noso local, e ter a posibilidade de seguir aumentando o número de equipos informáticos.

Cada ano se destina unha cantidade de arredor de dous mil euros do orzamento do colexio, para aumentar e mellorar o fondo bibliográfico, e calquera outro medio material ou persoal do que se poida dispoñer.

## **6.- AVALIACIÓN.**

Ó análise dos resultados conseguidos, debe comprobar hasta que punto se desenvolveron as iniciativas previstas no proxecto e como contribuíron á consecución dos obxectivos. Debese analizar o impacto que tiveron as actividades propostas e se mellorou o índice lector do centro.

ACTIVIDADE	AVALIACIÓN	POSIBLES MELLORAS
Lectura colectiva		
Lecturas comprensivas de diferentes obras.		
Elección da mascota da biblioteca		
Charlas e coloquios con diferentes escritores.		
Elaboración dunha lista de compra para o fondo da biblioteca polos alumnos do colexio.		
Deseñar trípticos informativos para difundir as actividades da biblioteca.		
Formación de usuarios: (recoñecemento de espazos e uso dos recursos da biblioteca).		
Semana do conto de medo (SANAÍN)		

ACTIVIDADE	AVALIACIÓN	POSIBLES MELLORAS
Semana especial día do libro, (ENTREGA DE PREMIOS ÓS MELLORES LECTORES)		
Semana das Letras Galegas		
Elaboración trimestral de guías de lectura adaptadas por ciclos		
Club de lectura		
Elaboración do conto viaxeiro		

## **\*\* PRINCIPIOS IMPRESCINDIBLES PARA CREAR BOS LECTORES \*\***

### **DAR EXEMPLO:**

As persoas adultas somos un modelo de lectura para os nenos. Leamos diante deles, disfrutemos lendo.

### **ESCOITAR:**

Nas preguntas dos nenos está o camiño para seguir aprendendo. Esteamos pendentes das súas dúbidas.

### **COMPARTIR:**

O pracer da lectura, contáxiase lendo xuntos. Leamos contos, contemos contos.

### **PROPOÑER NON IMPOÑER:**

É mellor suxerir que non impoñer. Evitemos, no posible, tratar a lectura como unha obriga.

### **CONSTANCIA:**

Tódolos días hai que reservar un tempo para ler. Busquemos momentos relaxados, con boa disposición para a lectura.

### **ESTIMULAR ALENTAR:**

Calquera situación pode proporcionarnos motivos para chegar ós libros. Deixemos sempre libros apetecibles ó alcance dos nosos alumnos.

### **ORGANIZARSE:**

A desorganización pode estar rifada ca lectura, axudémoslles a organizarse, o seu tempo, as súas lecturas, ...